



Vogais do Consello Asesor do Museo de Pontevedra

Ramón Rozas Domínguez

Santiago de Compostela, 1971

Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela está en posesión do Diploma de Estudos Avanzados (DEA) acadado na mesma facultade. Na actualidade compaxina o seu traballo no Diario de Pontevedra, onde comezou a traballar no ano 2000 como responsable do departamento de Arquivo e Documentación, ademais de facerse cargo das áreas de crítica artística, cinematográfica ou literaria, coa realización de diferentes proxectos expositivos e culturais en institucións de Galicia.

No campo do comisariado artístico o seu proxecto máis relevante é a creación e consolidación, celebrándose en 2019 a súa novena edición, da exposición 'Na Beira do río. Diálogos na Pintura' no Pazo da Cultura de Pontevedra, na que se confronta a obra pictórica de dous creadores en cada edición. Así como unha exposición de fotografía, celebrada a carón da de pintura, que vén a encher por completo o espazo expositivo do Pazo da Cultura, sendo ambas xa citas referenciais do outono artístico en Pontevedra.

Tamén son de salientar as dúas exposicións que comisariou no Museo de Pontevedra, 'Soños' do fotógrafo Miguel Vidal en 2017 e 'Coplas de cego' de José Solla en 2018.

Autor de monografías, como a dedicada ao pintor manuel Torres, os seus textos comentando a obra de numerosos artistas forman parte de diferentes publicacións e catálogos que se veñen editando nos últimos anos. Os seus textos tamén forman parte de diferentes iniciativas editoriais como o suplemento cultural Táboa Redonda (Diario de Pontevedra/El Progreso de Lugo) e o suplemento dixital Los diablos azules (Infolibre).

Dende o ano 2018 forma parte da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega.

COMPETENCIAS

- ✓ Historia da Arte
- ✓ Crítica Artística
- ✓ Divulgación cultural
- ✓ Comisariado de exposicións